




O ESTADO ESPAÑOL NA DEMOCRACIA



Portada do BOE onde se publicou a Constitución (Amelia-CC BY 4.0)



ÍNDICE

O ESTADO ESPAÑOL NA DEMOCRACIA

1. A CONSTITUCIÓN DE 1978 E A ESTRUCTURA POLÍTICA DO ESTADO ESPAÑOL.....	1
1.1 A Constitución de 1978.....	1
1.2 A división de poderes no Estado español.....	2
1.3. Os principios democráticos básicos.....	3
<i>Exercicios</i>	4
2. O ESTADO DAS AUTONOMÍAS E A CONFIGURACIÓN TERRITORIAL DO ESTADO ESPAÑOL.....	5
2.1. As comunidades autónomas.....	5
2.2. As provincias.....	6
2.3. Os municipios.....	6
2.4. A cooperación entre niveis.....	6
<i>Exercicios</i>	7
3. A MEMORIA DEMOCRÁTICA.....	8
3.1. As leis de memoria: 2007 e 2022.....	8
<i>Exercicios</i>	9
SOLUCIÓN.....	10

1. A CONSTITUCIÓN DE 1978 E A ESTRUTURA POLÍTICA DO ESTADO ESPAÑOL

1.1 A Constitución de 1978

A Constitución española de 1978 é a base sobre a que se sustenta a democracia contemporánea en España. Elaborada durante a Transición, representa a vontade común de convivir nun sistema baseado na liberdade, no pluralismo e no Estado de dereito. O seu texto foi froito de arduas negociacións entre os representantes dos distintos partidos elixidos democraticamente nas primeiras eleccións libres logo da morte de Franco. Despois da súa redacción, foi aprobada en referendo pola cidadanía o 6 de decembro de 1978.

A Constitución española está composta dun preámbulo e 169 artigos, organizados en 11 títulos e disposicións transitorias. Os elementos máis destacados son os seguintes:

- **España é un Estado social e democrático de dereito.** As súas bases son a liberdade, a igualdade e a xustiza.
- **Recoñece unha serie de dereitos e deberes fundamentais:**
 - **Dereitos individuais:** vida, intimidade, liberdade ideolóxica...
 - **Dereitos sociais:** traballo, vivenda, protección ambiental...
 - **Deberes:** contribuír ao gasto público, defender España...
- **A configuración territorial do Estado.** Recoñécese a autonomía das nacionalidades e rexións, articulando un modelo descentralizado denominado "Estado das autonomías".
- **A estrutura política.** Define España como unha monarquía parlamentaria. O rei sería o xefe de Estado con funcións representativas. O poder **executivo** recaería no **Goberno**. O poder **legislativo** estaría nas **Cortes Xerais** divididas no **Congreso** e no **Senado**. O poder **xudicial** independente dos poderes políticos é exercido polos **tribunais** de xustiza.

Poderes do Estado



1.2 A división de poderes no Estado español

A Constitución española de 1978 define España como unha **monarquía parlamentaria**. Isto significa que o rei é o xefe do Estado. O seu papel é simbólico e representativo. Entre as súas funcións está a de asinar as leis e representar España nos actos internacionais.

Os poderes do Estado están divididos en tres ramas: **executiva, legislativa e xudicial**.

- **O poder executivo:** é exercido polo Goberno, que está liderado por un presidente. O presidente é elixido polo Congreso dos Deputados e é o responsable de nomear os ministros encargados de cada unha das ramas do goberno. O Goberno dirixe a política interior e exterior. Tamén é o encargado de aplicar as leis e de xestionar a Administración pública.
- **O poder legislativo:** reside nas Cortes Xerais, que é un **Parlamento bicameral** formado polo **Congreso dos Deputados** e o **Senado**.
 - O **Congreso dos Deputados** é o encargado de aprobar as leis, exercer o control do Goberno e aprobar os orzamentos. Está composto por 350 membros elixidos por sufraxio universal.
 - O **Senado:** é unha cámara con representantes das provincias e das comunidades autónomas. Ten funcións de revisión legislativa.
- **O poder xudicial:** é independente dos poderes políticos. Os tribunais interpretan as leis e administran xustiza. Un caso á parte sería o **Tribunal Constitucional**, que non forma parte do poder xudicial pero vixía que as leis e os actos se axusten á Constitución e resolve conflitos entre as institucións.

Institucións do Estado




1.3. Os principios democráticos básicos

Os principios democráticos básicos recollidos na Constitución son: a **soberanía popular**, o **pluralismo político** e o recoñecemento de **dereitos fundamentais**.

- **A soberanía popular:** a Constitución establece que **a soberanía** reside no pobo español, quen a exerce a través de eleccións periódicas mediante sufraxio universal. Isto significa que todas as persoas maiores de 18 anos poden participar nas eleccións e seren elixidas nelas. Estas eleccións serán libres e celebraranse, como mínimo, cada catro anos. O sistema de elección será proporcional, o que permite a representación de múltiples partidos.
- **O pluralismo político:** é outro dos principios democráticos básicos recollidos na Constitución. Así, establécese a liberdade de creación de partidos, sempre e cando non atenten contra a democracia; a competencia electoral, onde se defende o acceso igualitario aos medios de comunicación; o financiamento público e o papel da oposición política, a partir do dereito a exercer o control ao Goberno a través de preguntas parlamentarias ou a presentación de mocións de censura.
- **Recoñecemento dos dereitos fundamentais:** estes poden ser agrupados a dous niveis.
 - **Dereitos civís e políticos:** como a igualdade ante a lei, a liberdade de expresión ou o dereito ao voto.
 - **Dereitos sociais:** aquí entrarían o dereito á educación pública, á sanidade universal ou á protección laboral.
 - **Sistema de garantías:** os cidadáns poden recorrer aos tribunais se consideran que os seus dereitos son vulnerados. Tamén teñen dereito a acudir ao Defensor do Pobo para que exerza de mediador entre as distintas administracións e os cidadáns.

Visión xeral dos dereitos e garantías cidadás



EXERCICIOS

Exercicio 1

Indica se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas. En caso de seren falsas, debes corrixilas.

- A Constitución española de 1978 foi aprobada por Franco antes da súa morte.
- A Constitución reconece dereitos individuais, sociais e deberes.
- Os tribunais de xustiza están baixo o control do Goberno.

Exercicio 2

Relaciona os seguintes conceptos coa súa definición correspondente:

Poder executivo / poder legislativo / poder xudicial / sufraxio universal

- Interpreta as leis e administra xustiza.
- Está formado polo Congreso e o Senado.
- É exercido polo Goberno e aplica as leis.
- Dereito a votar para todas as persoas maiores de 18 anos.

Exercicio 3

Cal destas é unha función do Congreso dos Deputados?

- a) Resolver conflitos entre comunidades.
- b) Aplicar as leis.
- c) Aprobar as leis e controlar o Goberno.

Exercicio 4

Cando deben celebrarse as eleccións xerais en España, segundo a Constitución?

- a) Unha vez ao ano como mínimo.
- b) Cada catro anos como mínimo.
- c) Cando o rei o decida.

2. O ESTADO DAS AUTONOMÍAS E A CONFIGURACIÓN TERRITORIAL DO ESTADO ESPAÑOL

A configuración territorial do Estado español tamén está regulada pola Constitución de 1978. Despois de décadas de centralismo baixo o réxime franquista, agora deséñase un modelo territorial descentralizado que permite equilibrar a unidade do Estado co recoñecemento da diversidade histórica, cultural e xeográfica do país.

2.1. As comunidades autónomas

O máximo nivel de organización territorial en España son as **comunidades autónomas**. Actualmente, España divídese en **17**, ademais de **dúas cidades autónomas**, Ceuta e Melilla. Cada un destes territorios ten o seu Estatuto de autonomía, que é un documento, similar a unha Constitución rexional, que define as súas competencias e as institucións de goberno.

As comunidades teñen gobernos propios (como a **Xunta de Galicia**) e parlamentos rexionais (o **Parlamento de Galicia**), elixidos democraticamente. Estas institucións teñen o poder para legislar e xestionar asuntos de interese rexional, como a educación, a sanidade, as infraestruturas ou a cultura, dentro dos límites marcados pola Constitución e o seu Estatuto de autonomía, xa que non todas as comunidades autónomas teñen as mesmas competencias. Esta descentralización pretende adaptarse ás necesidades específicas de cada rexión, intentando achegar unha xestión máis próxima á cidadanía e ás súas necesidades.



Mapa provincial de España (autor Better-CC BY-SA 3.0)



2.2. As provincias

O nivel intermedio na organización territorial está ocupado polas **provincias**. Estas agrupan varias localidades con características históricas e xeográficas comúns, facilitando a organización e a coordinación de servizos públicos a nivel intermunicipal. En España existen 50 provincias, que executan políticas e coordinan servizos que afectan varias comunidades locais, como poden ser o mantemento das estradas ou a xestión dos residuos. Para desenvolver esta función de xestión, nas comunidades con varias provincias, existen as deputacións provinciais.

2.3. Os municipios

O nivel de organización territorial máis próximo ao cidadán son os **municipios**. Estes son a base da organización territorial e representan as administracións locais. En España hai un total de 8.131 municipios. Este número pode variar lixeiramente cada ano, debido ás fusións entre concellos ou a creacións excepcionais, pero mantéñense nun rango similar dende hai décadas. Cada municipio ten o seu concello, encargado de xestionar servizos básicos, como a planificación urbanística ou a organización de actividades culturais e deportivas. A Administración municipal é a instancia máis próxima aos cidadáns na toma de decisións que afectan o seu día a día.

En España existe unha gran diferenza de poboación entre os municipios. A pesar de que a media de habitantes por concello é baixa, aproximadamente 5.800, o cal reflicte unha gran fragmentación territorial, municipios como Madrid ou Barcelona superan amplamente o millón de habitantes (Madrid, 3,6 millóns, e Barcelona, 1,6 millóns), mentres que no outro extremo, algúns municipios, especialmente nas zonas rurais, teñen menos de 1.000 habitantes.

O número de concellos existentes depende de varias cuestións, como poden ser as razóns históricas, xa que hai moitos concellos que existen dende a Idade Media, ou de cultura local, xa que, en territorios como Galicia, o apego á parroquia ou á aldea fixo que se mantivesen estruturas municipais pequenas.

En Galicia hai **313 concellos**, unha cifra moi elevada para a súa superficie, o que reflicte a tradición histórica da dispersión da poboación e o valor da identidade local.

2.4. A cooperación entre niveis

En xeral, cada nivel de xestión ten competencias propias, pero tamén existe unha colaboración continua entre elas para permitir que as políticas públicas poidan desenvolverse de maneira coherente e coordinada. Ademais, existe unha xerarquía legislativa que impide que a normativa dos niveis inferiores de xestión sexa contraria ao aprobado nos ámbitos superiores. Xunto con isto, o Estado central conserva certas

competencias en exclusiva, o cal asegura a uniformidade e a integridade do conxunto do país.

En conclusión, a estrutura territorial de España permite que cada parte do país conserve a súa propia identidade e desenvolva o seu potencial, mentres se mantén unha unidade que beneficia toda a nación. Esta estrutura, a pesar da súa complexidade e dos problemas que pode xerar, facilita tanto a xestión dos recursos e dos servizos coma a participación cidadá e o respecto pola diversidade cultural e histórica que caracteriza o noso país.

EXERCICIOS

Exercicio 5

Relaciona cada nivel de organización territorial coa súa descrición.

Comunidades autónomas / provincias / municipios

- A Administración máis próxima á cidadanía, encargada da xestión dos servizos básicos.
- A agrupación de municipios que coordina os servizos a nivel intermedio.
- O nivel máis alto de autogoberno con Estatuto propio e Parlamento.

Exercicio 6

O modelo descentralizado de organización territorial recollido na Constitución de 1978 permite...

- a) Eliminar diferenzas culturais.
- b) Conservar a unidade sen recoñecer a diversidade.
- c) Equilibrar a unidade do Estado coa diversidade territorial.
- d) Crear un único Goberno central para todo.

Exercicio 7

Responde con frases curtas:

- Que é un Estatuto de autonomía?
- Que institucións existen nas provincias para xestionar os servizos intermunicipais?

3. A MEMORIA DEMOCRÁTICA

O concepto de *memoria democrática* fai referencia ao recoñecemento público das vítimas da ditadura franquista e da Guerra Civil (1936-1939), así como á eliminación de símbolos que glorifican o Réxime. O seu obxectivo é garantir a xustiza, a verdade e a reparación para as vítimas, promovendo unha conciencia colectiva crítica. Isto débese a que, a diferenza doutros países que xulgaron os seus ditadores, como fixo Alemaña co nazismo, a complexa transición cara á democracia iniciada por España tras a morte do ditador, priorizou a reconciliación nacional mediante pactos políticos que deixaron en segundo plano o xuízo sobre as atrocidades da ditadura. Neste contexto, nos últimos anos, apróbanse unha serie de normas e desenvólvense unha serie de accións que procuran arranxar esta inxustiza.



Inauguración como lugar de memoria democrática a fosa común do cemiterio de Puerto Real (Emilio Rodríguez Posada. CC BY-SA 2.0)

A aprobación destas leis non estivo libre de controversia, xa que para algúns defensores da memoria histórica foron claramente insuficientes, mentres que os partidos situados máis á dereita do espectro político a consideraron unha reapertura de feridas.

3.1. As leis de memoria: 2007 e 2022

1. **Lei de memoria histórica (2007):** promulgada baixo o Goberno de Rodríguez Zapatero, foi a primeira en recoñecer formalmente as vítimas do Franquismo. Entre as súas medidas destacan:

- A subvención para exhumacións de fosas comúns, xa que nelas aínda repousan miles de represaliados.
- A retirada de símbolos franquistas en espazos públicos.
- A reinterpretación do Valle de los Caídos, mausoleo onde Franco foi enterrado, para convertelo nun lugar de memoria e non de exaltación.



Abadía do Valle de los Caídos (Javier Martín Espartosa-CC BY-NC SA 2.0)

2. **Lei de memoria democrática (2022):** a lei anterior tivo limitacións importantes, xa que non anulou os xuízos franquistas nin abordou a complicidade de certas institucións na ditadura. Así, para ampliar e actualizar a lei anterior, o Goberno de Pedro Sánchez aproba esta lei, que ten como principais novidades:

- A invalidez dos xuízos franquistas, recoñecendo legalmente a ilexitimidade dos tribunais da ditadura.



- A busca de desaparecidos como responsabilidade estatal, coa participación da Fiscalía.
- A prohibición de fundacións que exalten o Franquismo e a eliminación de títulos nobiliarios concedidos durante a ditadura.
- A inclusión da memoria democrática no currículo escolar para evitar o descoñecemento entre a mocidade.

En xeral e a modo de conclusión, a memoria democrática non debe ser considerada só unha cuestión legal, senón tamén unha cuestión moral. As leis de 2007 e 2022, aínda que con deficiencias, representan un esforzo por construír unha democracia máis xusta, recoñecendo as vítimas do Franquismo invisibilizadas durante longos anos. O reto obviamente está en equilibrar a necesidade de memoria co respecto á diversidade de opinións, porén, como sociedade en conxunto, e de xeito individual como cidadáns, é imprescindible coñecer este proceso para poder poñer en valor os dereitos conquistados neste longo camiño.

EXERCICIOS

Exercicio 8

Responde brevemente a seguinte pregunta:

- Que accións concretas propuxo a Lei de 2007 respecto do Valle de los Caídos?

Exercicio 9

Que aspecto non está incluído na Lei de memoria democrática de 2022?

- A invalidez dos xuízos franquistas.
- A prohibición de fundacións que exalten o Franquismo.
- A creación dun novo partido político memorialista.
- A inclusión da memoria democrática no ensino.



SOLUCIÓNS

Exercicio 1

- A Constitución española de 1978 foi aprobada por Franco antes da súa morte. **Falso. Foi aprobada en referendo despois da morte de Franco.**
- A Constitución reconece dereitos individuais, sociais e deberes. **Verdadeiro**
- Os tribunais de xustiza están baixo o control do Goberno. **Falso. Os tribunais de xustiza son independentes do Goberno.**

Exercicio 2

- Interpreta as leis e administra xustiza. **O poder xudicial.**
- Está formado polo Congreso e o Senado. **O poder legislativo.**
- É exercido polo Goberno e aplica as leis. **O poder executivo.**
- O dereito a votar para todas as persoas maiores de 18 anos. **Sufraxio universal.**

Exercicio 3

c) Aprobar as leis e controlar o Goberno.

Exercicio 4

b) Cada catro anos como mínimo.

Exercicio 5

- A Administración máis próxima á cidadanía, encargada da xestión dos servizos básicos. **Municipios.**
- A agrupación de municipios que coordina os servizos a nivel intermedio. **Provincias.**
- O nivel máis alto de autogoberno con Estatuto propio e Parlamento. **Comunidades autónomas.**

Exercicio 6

c) Equilibrar a unidade do Estado coa diversidade territorial.



Exercicio 7

- Que é un Estatuto de autonomía? **É un documento, similar a unha Constitución rexional, que define as súas competencias e as institucións de goberno.**
- Que institucións existen nas provincias para xestionar os servizos intermunicipais? **As deputacións provinciais.**

Exercicio 8

Reinterpretalo para convertelo nun lugar de memoria e non de exaltación.

Exercicio 9

c) A creación dun novo partido político memorialista.